



O Noia Harp Fest convoca a II edición do Premio Internacional de Composición Portus Apostoli, que este ano buscará ampliar o repertorio de obras para arpa e banda

O certame promovido polo Festival Internacional de Arpa e o Concello Noia publica as bases do certame, que aumentará a contía do galardón e concederá unha Mención de Honra á peza que quede en segundo lugar

'Hibrys', a composición gañadora da primeira edición do Portus Apostoli, estrearáse o 5 de agosto da man da Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave e coa portuguesa Beatriz Cortesão como solista

Noia, 19 de xuño de 2023.- A segunda edición do premio internacional de composición Portus Apostoli xa está en marcha. O Noia Harp Fest (NHF) vén de publicar na súa web oficial, www.noiaharpfest.gal, as bases na da nova convocatoria do galardón, patrocinado polo Concello de Noia, e que nesta ocasión recoñecerá as creacións escritas para arpa e banda.

O **Premio Portus Apostoli** naceu en 2022 como unha aposta por ampliar o repertorio de obras para arpa e orquestra. Desta quenda, o certame afondará nesa mesma idea, mais dirixida a favorecer o aumento de obras nas que o instrumento protagonista do Noia Harp Fest, **a arpa, poida combinar cunha banda**. O galardón, cuxo recoñecemento económico aumenta até os 2.500 euros, conlevará tamén a **estrea absoluta da obra no marco dun concerto especial**, vinculado ao NHF, **a cargo da Banda Municipal de Santiago coa colaboración da Banda de Música de Noia**, e coa interpretación de solistas do ámbito internacional. Ademais, como novidade, outorgárase unha Mención de Honra, sen achega económica, para a obra que quede en segunda posición no certame.

A convocatoria do **Premio Portus Apostoli**, que conta coa colaboración de Turismo de Noia, está aberta desde hoxe e até o vindeiro 23 de decembro de 2022 **a todas as compositoras e compositores de calquera nacionalidade e sen límite de idade**. Un xurado de recoñecido prestixio será o responsable de valorar e premiar as creacións, nas que se terán en conta, entre outros aspectos, a proposta creativa; o tratamento da técnica e da escritura para arpa; a coherencia, a proporción e o equilibrio no traballo técnico; ou o equilibrio entre dificultade e resultado musical. Ademais, o tribunal valorará positivamente aquelas obras con referencias á música ou á cultura galegas.

NOIA HARP FEST

Cada compositora ou compositor poderá presentar **unha única obra**, que deberá ser **orixinal e inédita**, de xeito que non poderán participar no certame pezas creadas froito dun encargo remunerado, premiadas noutro concurso ou que fosen interpretadas anteriormente en concertos ou actos públicos. A nova composición será de **tema libre**, deberá estar escrita para **arpa e banda** (sen medios electroacústicos) e deberá ter unha duración de entre **10 e 15 minutos**.

Para máis información sobre as bases do **II Premio Internacional de Composición Portus Apostoli** e a documentación que se debe remitir para poder participar, o NHF recomenda visitar o espazo web www.noiaharpfest.gal, no que se atopará o formulario de solicitude pertinente. O fallo do xurado darase a coñecer antes do 15 de febreiro de 2024.

Beatriz Cortesão e Maximino Zumalave, coa RFG na estrea mundial de 'Hibrys'

No marco da décima edición do Noia Harp Fest, que se celebrará do 3 ao 6 de agosto, terá lugar a estrea da peza gañadora da primeira edición do Portus Apostoli: **Hibrys**, do compositor hispano-argentino **Alejandro Civilotti**. A Praza do Tapal acollerá na noite do 5 de agosto, a partir das 21:30 horas, a primeira interpretación que se faga da obra. Chegará da man da **Real Filharmonía de Galicia**, baixo a dirección do galego **Maximino Zumalave** (Santiago de Compostela, 1956), e contará coa arpista portuguesa **Beatriz Cortesão** (Coimbra, 1998), membro da European Union Youth Orchestra (**EUYO**), como solista.

Ademais da estrea absoluta de *Hibrys*, o público asistente ao Noia Harp Fest poderá gozar dun concerto extraordinario no que a Real Filharmonía de Galicia interpretará outras dúas composicións: o **Oratorio de Pascua** (1º, 2º e 3º movemento) de **Johann Sebastian Bach**, e a **Sinfonía no.5 en do menor, op.67**, de **Ludwig van Beethoven**.

10º Noia Harp Fest

O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia, coñecido como Noia Harp Fest, é o **o único festival de Galicia e do noroeste da Península Ibérica que ten como absoluta protagonista a arpa**. No seu cartel conflúen artistas de estilos moi diversos procedentes do ámbito galego, estatal e internacional, mais unidos pola interpretación musical a través da arpa. Bandas e solistas como **Laoise Kelly, The Pozzies, Müsgo, SondeSeu** ou **Dilles Chabenat e Daniela Heiderich**, entre outras, participarán na décima edición do NHF, que terá lugar do 3 ao 6 de agosto de 2023. **Todos os concertos serán de entrada libre** e celebraranse en espazos emblemáticos da vila de Noia, como é o caso da Praza do Tapal, da igrexa Santa María A Nova ou do Teatro Coliseo Noela.

NOIA HARP FEST

Programación de conciertos 10º Noia Harp Fest

Xoves 3 de agosto

Liceo de Noia, 19:00 horas

II Encontro de Escolas de Arpa de Galicia

Liceo de Noia, 20:30 horas

Foliada de benvida ao X Noia Harp Fest

Venres, 4 de agosto

Santa María A Nova, 19:00 horas

Laoise Kelly

Praza do Tapal, 21:00 horas

Gilles Chabenat & Daniela Heiderich

Praza do Tapal, 22:00 horas

The Pozzies

Sábado 5 de agosto

Teatro Coliseo Noela, 19:00 horas

Homenaxe a Nicanor Zabaleta. Asociación Española de Arpistas

Praza do Tapal, 21:30 horas

Real Filharmonía de Galicia. Estrea absoluta de **Hibrys**, gañadora do premio Portus Apostoli

Domingo 6 de agosto

Teatro Coliseo Noela, 19:00 horas

Müsgo

Praza do Tapal, 21:30 horas

SonDeSeu + convidadas. Estrea absoluta das suites **Micelio** e **Escumas Atlánticas**

Contacto de prensa Noia Harp Fest

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

prensa@theofficeco.es

Kit de prensa Noia Harp Fest 2023 (dossier con biografías e datos do NHF, notas de prensa, fotos, etc.)

<https://www.dropbox.com/sh/elcnyzkqk4m2s4u/AADv2O6QPRKMbUupDMslajlQa?dl=0>